A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 13 de novembro de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3573

## CERVO

### Anuncio

CONVOCATORIA E PROCESO DE SELECCIÓN DE DEZ (10) PRAZAS DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES COMO FUNCIONARIOS INTERINO DO CONCELLO DE CERVO.

De conformidade co Decreto da Alcaldía 2024-1128, de data 13/11/2024, faise pública a convocatoria e a selección de (10) dez peóns de servizos múltiples como funcionarios interinos do Concello de Cervo para a execución do programa de “Recuperación de camiños rurais tradicionais no Concello de Cervo para a mellora da mobilidade peonil nas áreas rurais e interurbanas”, durante tres (3) anos a xornada completa.



A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web [www.concellodecervo.com](http://www.concellodecervo.com)

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cervo, 13 de novembro de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3574

---

## FOLGOSO DO COUREL

### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 25/10/2024, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito (MC 26/2024 SC 03/2024) por importe de 81.119,26 euros, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 13 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3576

---

## A FONSAGRADA

### *Anuncio*

Aprobación de la Conta xeral do exercicio 2023

**Número de expediente:** 1174/2024 e CEC/2024/3

Ditame inicial da Conta xeral do exercicio 2023

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio orzamentario do ano 2023 por prazo de quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

A documentación indicada encontrarase publicada no portal de transparencia da Corporación municipal.

A Fonsagrada, 14 de novembro do 2024.- O alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 3589

---

## FOZ

### *Anuncio*

#### **CORRECCIÓN ERROS DA PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

Vista a proposta emitida polo Tribunal Cualificador en relación ao proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración para o ingreso na praza de Profesor Vento-Metal, como persoal laboral fixo, incluída na OEP 2022, cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, que se transcribe a continuación:

*Á vista da Acta do Tribunal calificador de data 26 de setembro de 2024, en relación co proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración para o ingreso na praza de Profesor Vento-Metal, como persoal laboral fixo, incluída na OEP 2022, cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, na que consta a seguinte proposta:*

*“proposta de nomeamento da seguinte persoa para cubrir a praza de Profesor Vento-Metal, como persoal laboral fixo, por ser a que maior puntuación acadou no proceso selectivo da praza obxecto de convocatoria:*

**ONDE DI ADAN GÓMEZ RODRÍGUEZ DEBE DICIR ADAN GÓMEZ DOMÍNGUEZ**

<b>ADAN GÓMEZ DOMÍNGUEZ</b>	<b>8,88</b>
-----------------------------	-------------

*Na base décimo segunda das bases xerais que rexen o proceso, establécese que finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública (mediante anuncio na sede electrónica e a efectos informativos na web municipal) a puntuación total final dos/as candidatos/as, que teñan superado o proceso selectivo, cunha relación dos finalmente seleccionados. O Tribunal declarará como aprobados e propondrá o nomeamento daquelas persoas aspirantes que obteñan maior puntuación final, non podendo declarar como aprobadas un número superior de persoas aspirantes ao número de prazas convocadas.*

*Na base décimo terceira establécese que a relación de aprobados/as se elevará ao órgano competente, que a publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Foz, que conterá unha advertencia recordándolles ás persoas opositoras propostas que deberán presentar a documentación sinalada nas bases específicas para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.*

**En virtude do disposto elévase á Alcaldía a seguinte PROPOSTA**

**Primeiro.-** Proponse como persoa aspirante seleccionada para a praza de Profesor Vento-Metal, como persoal laboral fixo do Concello de Foz, á seguinte persoa:

**Praza Profesor Vento-Metal : adan gómez DOMÍNGUEZ**

**Segundo.-** Esta proposta deberá ser publicada na sede electrónica e na web municipal e a relación de aprobados deberá ser publicada pola Alcaldía no BOP, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, constando a advertencia de recordar ás persoas opositoras propostas que deberán presentar, no prazo de 20 días naturais, a documentación sinalada nas bases específicas e na base xeral décimo terceira para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

**Terceiro.-** Unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

De conformidade co disposto na base décimo terceira, e de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**Emítase a seguinte PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aceptar a proposta emitida polo Tribunal cualificador, proponendo como persoa aspirante seleccionada para a praza de Profesor Vento-Metal, como persoal laboral fixo do Concello de Foz, á seguinte persoa:

**Praza Profesor Vento-Metal: adan gómez DOMÍNGUEZ**

**Segundo.-** Publicar a presente proposta no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, constando a advertencia de recordar ás persoas opositoras propostas que deberán presentar, no prazo de 20 días naturais, a documentación sinalada nas bases específicas e na base xeral décimo terceira para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

**Terceiro.-** Unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

Foz, 7 de novembro de 2024.- O alcalde, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 3577

**Anuncio****CORRECCIÓN ERROS PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

Vista a proposta emitida polo Tribunal Cualificador en relación ao proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración para o ingreso na praza de Operario Servizo de Lixo, como persoal laboral fixo, incluída na OEP 2022, cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, que se transcribe a continuación:

Á vista da Acta do Tribunal calificador de data 25 de setembro de 2024, en relación co proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración para o ingreso na praza de Operario Servizo de Lixo, como persoal laboral fixo, incluída na OEP 2022, cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, na que consta a seguinte proposta:

“proposta de nomeamento da seguinte persoa para cubrir a praza de Operario Servizo de Lixo, como persoal laboral fixo, por ser a que maior puntuación acadou no proceso selectivo da praza obxecto de convocatoria:

**ONDE DI BÁRBARA EDROSA RAMOS, DEBE DICIR BÁRBARA ELISABET RAMOS EDROSA.**

<b>BÁRBARA ELISABET RAMOS EDROSA</b>	<b>90</b>
--------------------------------------	-----------

Na base décimo segunda das bases xerais que rexen o proceso, establécese que finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública (mediante anuncio na sede electrónica e a efectos informativos na web municipal) a puntuación total final dos/as candidatos/as, que teñan superado o proceso selectivo, cunha relación dos finalmente seleccionados. O Tribunal declarará como aprobados e proporá o nomeamento daquelas persoas aspirantes que obteñan maior puntuación final, non podendo declarar como aprobadas un número superior de persoas aspirantes ao número de prazas convocadas.

Na base décimo terceira establécese que a relación de aprobados/as se elevará ao órgano competente, que a publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Foz, que conterá unha advertencia recordándolles ás persoas opositoras propostas que deberán presentar a documentación sinalada nas bases específicas para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

**En virtude do disposto elévase á Alcaldía a seguinte PROPOSTA**

**Primeiro.-** Proponse como persoa aspirante seleccionada para a praza de Operario Servizo de Lixo, como persoal laboral fixo do Concello de Foz, á seguinte persoa:

**Praza Operario Servizo de Lixo : BÁRBARA ELISABET RAMOS EDROSA**

**Segundo.-** Esta proposta deberá ser publicada na sede electrónica e na web municipal e a relación de aprobados deberá ser publicada pola Alcaldía no BOP, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, constando a advertencia de recordar ás persoas opositoras propostas que deberán presentar, no prazo de 20 días naturais, a documentación sinalada nas bases específicas e na base xeral décimo terceira para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

**Terceiro.-** Unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

De conformidade co disposto na base décimo terceira, e de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**Emítese a seguinte PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aceptar a proposta emitida polo Tribunal cualificador, propoñendo como persoa aspirante seleccionada para a praza de Operario Servizo de Lixo, como persoal laboral fixo do Concello de Foz, á seguinte persoa:

**Praza Operario Servizo de Lixo: BÁRBARA ELISABET RAMOS EDROSA**

**Segundo.-** Publicar a presente proposta no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, constando a advertencia de recordar ás persoas opositoras propostas que deberán presentar, no prazo de 20 días naturais, a documentación sinalada nas bases específicas e na base xeral décimo terceira para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

**Terceiro.-** Unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

Foz, 7 de novembro de 2024.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3578

## Anuncio

**PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

Vista a proposta emitida polo Tribunal Cualificador en relación ao proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración para o ingreso na praza de Profesor Piano, como persoal laboral fixo, incluída na OEP 2022, cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, que se transcribe a continuación:

*Vista a acta do 26 de setembro de 2024 , en relación co proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración para o ingreso na praza de Profesor Piano, como persoal laboral fixo, incluída na OEP 2022, cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, o tribunal propón o nomeamento da seguinte persoa para cubrir a praza de PROFESOR PIANO, como persoal laboral fixo, por ser a seguinte na relación de aspirantes que maior puntuación acadou,*

***“proposta de nomeamento da seguinte persoa para cubrir a praza de Profesor Piano, como persoal laboral fixo, por ser a que maior puntuación acadou no proceso selectivo da praza obxecto de convocatoria:***

<b>CARLA ALVARIÑO FERNANDEZ</b>	<b>6.95</b>
---------------------------------	-------------

*Na base décimo segunda das bases xerais que rexen o proceso, establécese que finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública (mediante anuncio na sede electrónica e a efectos informativos na web municipal) a puntuación total final dos/as candidatos/as, que teñan superado o proceso selectivo, cunha relación dos finalmente seleccionados. O Tribunal declarará como aprobados e propondrá o nomeamento daquelas persoas aspirantes que obteñan maior puntuación final, non podendo declarar como aprobadas un número superior de persoas aspirantes ao número de prazas convocadas.*

*Na base décimo terceira establécese que a relación de aprobados/as se elevará ao órgano competente, que a publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Foz, que conterá unha advertencia recordándolles ás persoas opositoras propostas que deberán presentar a documentación sinalada nas bases específicas para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.*

**En virtude do disposto elévase á Alcaldía a seguinte PROPOSTA**

**Primeiro.-** *Proponse como persoa aspirante seleccionada para a praza de Profesor Piano, como persoal laboral fixo do Concello de Foz, á seguinte persoa:*

**Praza Profesor Piano: CARLA ALVARIÑO FERNANDEZ**

**Segundo.-** *Esta proposta deberá ser publicada na sede electrónica e na web municipal e a relación de aprobados deberá ser publicada pola Alcaldía no BOP, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, constando a advertencia de recordar ás persoas opositoras propostas que deberán presentar, no prazo de 20 días naturais, a documentación sinalada nas bases específicas e na base xeral décimo terceira para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.*

**Terceiro.-** *Unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.*

De conformidade co disposto na base décimo terceira, e de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**Emítase a seguinte PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aceptar a proposta emitida polo Tribunal cualificador, proponendo como persoa aspirante seleccionada para a praza de Profesor Piano, como persoal laboral fixo do Concello de Foz, á seguinte persoa:

**Praza Profesor Piano: CARLA ALVARIÑO FERNANDEZ**

**Segundo.-** Publicar a presente proposta no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, constando a advertencia de recordar ás persoas opositoras propostas que deberán presentar, no prazo de 20 días naturais, a documentación sinalada nas bases específicas e na base xeral décimo terceira para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

**Terceiro.-** Unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a

publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

Foz, 13 de novembro de 2024.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3590

---

### Anuncio

#### Nomeamento de persoal funcionario Concello de Foz

Por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0909 de data 13 de novembro de 2024, acordase o NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE DÚAS (2) PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, DO CONCELLO DE FOZ, en cuxa parte dispositiva se fai constar:

**PRIMEIRO.-** Nomear como **funcionarios de carreira** de dúas (2) prazas de auxiliar administrativo da escala de administración xeral no concello de Foz a:

Don Adrián Feijoo González, titular do DNI \*\*\*\*384\*\*

Don Pablo José Lozano Pardiño, titular do DNI \*\*\*\*144\*\*

**SEGUNDO.-** As características das prazas (tipo de xornada, retribucións, tarefas, condicións de traballo, etc...) son as reflectidas nas Bases referenciadas e na RPT do Concello de Foz e no Estatuto Básico do Empregado Público cuxo Texto Refundido foi aprobado polo Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro.

**TERCEIRO.-** Notifíquese a presente Resolución aos interesados e dese traslado da mesma aos servizos municipais de Recursos Humanos, Intervención, Tesourería e Emprego aos efectos oportunos.

A toma de posesión das prazas convocadas efectuarase no prazo máximo dun (1) mes contado dende o día seguinte á notificación da presente Resolución.

**CUARTO.-** Publíquese o presente nomeamento no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como, no Taboleiro Municipal de Anuncios do concello de Foz.

Foz, 13 de novembro de 2024.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3591

---

### GUITIRIZ

#### Anuncio

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE SERVIZOS SOCIAIS, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE COMO FUNCIONARIO INTERINO. EXPDTE: 1126/2024.**

#### 1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E RÉXIME DE PUBLICACIÓN.

Constitúe o obxecto das presentes bases e convocatoria a creación da bolsa de emprego para o posto de auxiliar administrativo/a de servizos sociais como funcionario/a interino/a para posibles substitucións do posto indicado.

O sistema selectivo será o de oposición libre, e a presente convocatoria será obxecto de publicación no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello de Guitiriz (<https://guitiriz.sedelectronica.gal>), na páxina web e no taboleiro de anuncios. O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados unicamente na sede electrónica municipal, na páxina web e no taboleiro de anuncios.

#### 2ª.- CARACTERÍSTICAS E COMETIDOS FUNCIONAIS.

Este persoal encargarase das labores propias do posto de auxiliar administrativo/a de servizos sociais durante as vacantes, ausencias, vacacións, baixas do persoal municipal do servizo correspondente a través dun nomeamento como funcionario/a interino/a.

As características e cometidos funcionais do posto de auxiliar administrativo/a de servizos sociais son as establecidas na ficha nº 10 da R.P.T. (Código 13):

- Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Local.
- Grupo: C2

- Escala/Subescala: Administración Xeral, Auxiliar Administrativa.
- Formación específica: No.
- Tipo de posto: Base o no singularizado.
- Nº de postos: 1.
- Vacantes: 0.
- Forma de provisión: Concurso-oposición / Oposición libre.
- Nivel de complemento de destino (CD):14.
- Complemento específico anual (CE): 3.886,84 euros (actualizado 2023).
- Adscrición: Sección de Servizos Sociais, Servizo de Servizos Sociais e Servizo SAF.
- Principais funcións do posto:

Xerais:

- Funcións propias do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Responsable de Servizo; procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.
- Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de documentos que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.
- Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.
- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.
- Confección de notificacións ou comunicacións na súa materia e traslado a Rexistro Xeral para que sexan rexistradas de saída con celeridade.
- Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.
- Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas do posto:

- As sinaladas no artigo 167.2 e 169.1 d) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, como auxilio, trámite e colaboración en tarefas administrativas das distintas Unidades ás que está adscrito o posto de traballo, en concreto as seguintes:
- Labores de mecanografía, taquigrafía, despacho de correspondencia, cálculo sinxelo, manexo de máquinas, e outros similares.
- Utilización de follas de cálculo e bases de datos informatizadas, así como o mantemento actualizado das mesmas.
- Cálculo de liquidacións de tributos municipais de servizos sociais.
- Escribir en substitución de persoas analfabetas ou con dificultades de escritura, e encher impresos de liquidación de tributos municipais.
- Responder as demandas de información dos cidadáns, atendendo persoalmente ao público, operando nun sistema telefónico conmutado, ou utilizando calquera outro medio adecuado para transmitir información.
- Buscar, recoller, preparar e archivar a información necesaria.
- Arquivo e recuperación de documentos.
- Ingresar, verificar e corrixir datos e realizar consultas en computadores.
- Recepción, tramitación e contestación de avisos, queixas e suxerencias.
- Atención ao público de carácter xeral e integral en materia de servizos sociais a modo de Oficina Municipal de Atención ao Cidadán ( OMAC), canalizando toda a información do Servizo de Servizos sociais en primeira instancia (solicitudes, documentación a achegar, prestacións, requisitos a cumprir, subvencións, termos e prazos, etc.) coa dobre finalidade de prestar un mellor servizo ao cidadán e evitar derivarlle a outras dependencias municipais.

- Colaboración e apoio administrativo ás actividades, programas e plans de actuación municipal nas distintas Unidades de Servizos Sociais, de acordo coas instrucións do Responsable do Servizo.
- Tramitación administrativa e seguimento de expedientes de subvencións relacionados coa materia.
- Tramitación administrativa e seguimento dos programas de axuda no fogar, Punto de Atención á Infancia e Centro de Día, de acordo coa normativa autonómica e ordenanzas municipais que regulan a materia.

### **3ª.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.**

Para tomar parte no proceso selectivo para a creación da bolsa de emprego será necesario cumprir os requisitos seguintes:

- Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Nacionalidade: ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público.
- Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo e solicitar na instancia as adaptacións para a realización das probas do proceso selectivo, especificando tales adaptacións.
- Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- Titulación: título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou equivalente.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.

Todos os requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e manterse durante o proceso, así como, no seu caso; no momento da formalización dos contratos.

### **4ª.- INSTANCIAS.**

#### **4.1.- Modelo de solicitude.**

Quen desexe tomar parte no proceso para a creación da bolsa de emprego deberá cumprimentar a solicitude de participación no modelo oficial de instancia (ANEXO I) que estará a disposición dos/das interesados/as nas dependencias administrativas (servizo de rexistro) e na paxina web do Concello de Guitiriz ([www.concellodeguitiriz.com](http://www.concellodeguitiriz.com)).

Dita instancia dirixirase á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, farase constar que reúne todos os requisitos esixidos na base terceira da convocatoria e acompañaranse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I. en vigor do/a aspirante.
- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredite a discapacidade en base á cal solicita as adaptacións de tempo ou medios das probas do proceso. Cursada tal solicitude, o Tribunal actuará de conformidade co previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Non será necesaria a compulsa dos documentos que se presenten fotocopiados, bastando a declaración xurada do interesado sobre a autenticidade dos mesmos, así como dos datos que figuran na instancia, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Tribunal ou os órganos competentes do Concello de Guitiriz poidan requirir aos/ás aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos aportados.

#### **4.2. - Prazo de presentación.**

O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

#### **4.3.- Medio de presentación.**

As instancias serán presentadas a través da sede electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz (Rúa do Concello nº4, 27300 de Guitiriz) ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **4.4. – Rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.**

Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

#### **4.5.- Consecuencias da presentación da instancia.**

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo de creación da bolsa de emprego supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, incluída a lista da bolsa de emprego e a exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de todo o relacionado co proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún aspirante non cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria deberá propor a súa exclusión á alcaldía, previa audiencia do interesado, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas na solicitude de participación.

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer os/as aspirantes, para os efectos procedentes.

#### **5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

##### **5.1.- Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcaldesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos, así como a de excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica municipais.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza os/as interesados/as a posesión dos requisitos esixidos na base terceira.

##### **5.2.- Reclamacións á lista provisional.**

Perante o prazo de 3 días hábiles, de conformidade co previsto no art. 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderánse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular reclamacións á lista provisional.

De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/a aspirante excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.

##### **5.3.- Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.**

Se non se presentasen reclamacións á lista provisional considerarase definitiva.

No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da Sra. Alcaldesa pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos e excluídos, se sinala a composición do tribunal cualificador e a data, hora e lugar de realización da primeira proba da fase de oposición.

Dita resolución publicarase na sede electrónica, no taboleiro de anuncios e na páxina web.

#### **6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

##### **6.1.- Composición do Tribunal.**

O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma, respectando o establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Presidente/a: o/a empregado/a público que se nomee do mesmo grupo de titulación ou superior.
- Secretaria/o: o/a secretario/a da Corporación ou funcionario da Corporación en que delegue.
- Vogais: tres vogais designados/as pola Alcaldía entre empregados públicos do mesmo grupo de titulación ou superior.

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado.

A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á realización da primeira proba da fase de oposición publicarase na sede electrónica, no taboleiro de anuncios e na páxina web.

##### **6.2.- Abstención e recusación do Tribunal.**

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.



### **6.3.- Constitución e actuacións do Tribunal.**

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

### **6.4.- Acordos do Tribunal.**

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas bases.

Os acordos serán impugnables nos supostos e forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

### **6.5.- Asesores do Tribunal.**

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación aos seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen.

### **6.6.- Dereitos económicos do Tribunal.**

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal terá a categoría terceira e prevense un número máximo de 5 sesións (25 asistencias) neste procedemento selectivo.

## **7ª.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.**

O procedemento de selección será o de oposición libre e consistirá na realización de dúas probas eliminatorias: unha primeira que contará con dúas partes, unha de contido teórico e outra de contido práctico según o temario relacionado no Anexo II; e unha segunda de coñecemento de galego.

### **7.1. Primeira proba: parte teórica e parte práctica**

#### **7.1.1. Parte teórica da primeira proba.**

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 20 preguntas (máis 2 preguntas de reserva) con 3 respostas alternativas das que só unha será correcta, sobre os temas relacionados no apartado de parte teórica do Anexo II das bases.

O exame cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respostas incorrectas e non contestadas non penalizarán.

Os aspirantes que non superen esta parte teórica da primeira proba xa non se lles correxirá a proba práctica que se indica a continuación.

#### **7.1.2. Parte práctica da primeira proba.**

Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos, relacionado coas funcións propias do posto, a proposta do tribunal sobre os temas relacionados no apartado de parte práctica do Anexo II das bases.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superala.

### **7.2. Segunda proba: Proba de coñecemento de galego (sen puntuación, apto ou non apto)**

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización o nivel de Celga 3 ou equivalente. Os/As aspirantes que si o acrediten non estarán obrigados a efectuar a proba.

A proba consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, sendo eliminados aqueles/as aspirantes que non sexan declarados aptos.

## **8ª. - Bolsa de emprego.**

Rematadas as probas da fase de oposición o tribunal publicará na sede electrónica, taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Guitiriz a relación de candidatos por orde de puntuación obtida, coa indicación da puntuación parcial e total acadada por cada aspirante no proceso selectivo.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles a partir do seguinte o da publicación na sede electrónica para efectuar as alegacións pertinentes.

Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas, no seu caso, o Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Sra. Alcaldesa para que proceda á resolución do expediente.

En caso de empate solventarase por sorteo público.

A bolsa de emprego terá unha duración anual, prorrogable anualmente salvo resolución en contrario.

#### FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO:

##### A) CHAMAMENTOS

Os chamamentos para o posto de traballo realizaranse seguindo a orde da bolsa de emprego de forma telefónica ao número de teléfono indicado na instancia presentada para participar no proceso selectivo.

O persoal responsable deberá acreditar no expediente que se intentou contactar cos candidatos correspondentes da bolsa de emprego cun mínimo de dous intentos por teléfono en horas distintas, informando por escrito dos que renunciaron, dos que non contestaron ao chamamento, e do/a candidato/a que acepta o posto de traballo.

Cada vez que se vaia a contratar unha persoa para o posto de traballo comezarase a chamar aos candidatos/as polo seguinte ao contratado no último chamamento.

##### B) RENUNCIAS

Se algún/algunha candidato/a non contesta entenderase que renuncia ao posto e seguirase chamando aos seguintes do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación.

A renuncia ao posto pode realizarse de forma oral, por escrito no rexistro xeral, fax, enderezo electrónico ou calquera outro medio no que quede constancia no Concello, non sendo necesario acreditar a causa pola que renuncia ao posto. Dúas renuncias expresas aos chamamentos implicarán a expulsión da bolsa. No caso de que non se conteste aos chamamentos, para ser expulsado das bolsas teranse en conta 5 chamamentos non contestados.

No suposto de non contestar ao chamamento (telefónico ou por enderezo electrónico) no mesmo día, entenderase a todos os efectos que renuncia ao posto, manténdose na mesma posición da lista, salvo que proceda a súa expulsión da bolsa.

Aqueles aspirante que tendo un contrato de traballo en vigor no Concello de Guitiriz, renuncien ao contrato pasarán ao último posto da bolsa, agás que este cese responda á aceptación doutra oferta de traballo no propio Concello.

Os aspirantes, poderánse poñer na situación de "non dispoñible", e así non serán chamados durante o tempo que estén nesa situación. Tanto a situación de "non dispoñible" como o cambio activo deberá solicitarse polo interesado. As causas xustificadas para poder activarse nesa situación serán as seguintes:

- Parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o período de lactación natural e situacións asimiladas.
- Incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditando co correspondente parte de baixa médica.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais incluídas no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia.
- Ter un contrato de traballo nunha empresa privada ou exercer de autónomo.
- Coidado dun familiar ata segundo grado, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva nunha actividade retribuída.

#### 9ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO

Cando os/as integrantes da bolsa sexan chamados/as para ser nomeados funcionarios interinos por algunha das causas expresadas na base 2ª, no prazo de 2 días naturais a partir do chamamento, deberán presentar no rexistro do Concello de Guitiriz, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Quen dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser nomeado/a sen prexuízo da responsabilidade en que houberse podido incorrer por falsidade da solicitude de participación.

#### 10ª.- INCIDENCIAS E LEXISLACIÓN APLICABLE

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaran e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nas bases.

A contratación laboral rexerese polo disposto:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas)
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, pola que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
- Convenio Colectivo de persoal funcionario do Concello de Guitiriz.

#### **11ª.- NORMA FINAL**

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACION NA SELECCIÓN PARA CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE SERVIZOS SOCIAIS COMO FUNCIONARIO/ INTERINO/A MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.**

D/Dona .....  
con D.N.I. núm. .... e domicilio no municipio de .....  
na rúa ....., n.º ....., piso ....., C.P. ....  
teléfono ..... e enderezo electrónico .....  
nº de afiliación á Seguridade Social .....

Informado/a da convocatoria para a formación da bolsa de emprego de auxiliar administrativo/a de servizos sociais como funcionario interino do Concello de Guitiriz, mediante o sistema de oposición libre, de acordo ás bases publicadas no B.O.P. n.º ..... de data ..... que declara coñecer e aceptar.

Declara responsablemente que cumpre todos os requisitos esixidos na cláusula 3.ª das bases, comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado e a continuar en posesión dos mesmos ata a posible contratación e SOLICITA:

1.- Ser admitido ao proceso de creación da bolsa convocado, para o que achega:

- Fotocopia do D.N.I. en vigor.
- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredite a discapacidade en base á cal solicita as seguintes adaptacións de tempo ou medios:

.....

2.- Realizar as probas en: castelán/galego.

Así mesmo, SÍ/NON AUTORIZA a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través do enderezo electrónico arriba indicado.

En ....., a ..... de ..... de 202....

Asdo. ....

Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ

**ANEXO II.- TEMARIO****PARTE TEÓRICA**

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Nocións Xerais. Deberes e dereitos fundamentais. Organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia

TEMA 2.- O réxime local. A Lei 7/1985: o municipio; organización municipal; competencias; o alcalde; o Pleno; as facendas locais. A organización municipal do Concello de Guitiriz.

